

Política Sanitaria: A construción do cemiterio Municipal de Betanzos

XOSÉ M^a VEIGA FERREIRA*
CARLOS M. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ**

A mellora das condicións hixiénicas nas cidades españolas enmárcase dentro dos programas integrais de policía médica e no dunha política poboacionista, que ve no aumento da poboación e conservación da saúde a primeira arma contra a dependencia de países estranxeiros¹. Os aspectos máis coñecidos e estudados desta nova política son: a asistencia ós expósitos, a beneficencia e a prevención de epidemias².

No século XVIII o interese pola saúde como problema colectivo entrou nunha nova fase debido á formulación precisa do concepto de "policía médica"³. Os médicos non estaban só obrigados a tratar ós enfermos, senón tamén a vixiar a saúde da poboación; a teoría sobre a orixe da enfermidade tamén cambiara, coñeciase e aceptábase, aínda que non por todos, a teoría "miasmática", críase que os vapores procedentes dos cadáveres "infectaban" a atmósfera e eran capaces de producir epidemias⁴. Difúndense nesta época noticias de efluvios pútridos en locais cerrados que ocasionan a morte a varias persoas; un dos casos que máis impacto causou na poboación foi o ocorrido na Borgoña francesa no mes de xuño de 1774: "*se reunieron varios niños para hacer la primeira comunión cuando bruscamente de una de las tumbas, que se abriera el mismo día, se elevó una exalación maligna. El efluvio provocó una catástrofe en el recinto. Murieron el cura, el vicario, cuarenta niños y doscientos parroquianos que entraban entonces*". A noticia tómase en serio e preséntase como exemplo do mortais que poden se-las carnes en descomposición⁵.

A partir deste último tercio do século XVIII xa non bastaba coa política seguida ata o momento, senón que se facían necesarias unha serie de transformacións urbanísticas para mellorar a saúde dos habitantes das cidades. Surxe dentro desta política a necesidade de crear cemiterios alonxados da poboación, tratando de mellorar as condicións da vida urbana, idea inscrita nas corrientes hixienistas que recorrían a Europa do momento⁶. A súa implantación orixinou unha gran polémica na que interviñeron tódolos estamentos sociais, e que durou ata ben entrado o século XIX⁷.

1. 1787: O INICIO DUN LONGO PROCESO.

Unha Real Cédula, emitida por Carlos III no 1787, establece a necesidade de edificar cemiterios fóra das cidades. A motivación principal desta orde foi de tipo sanitario.

* Licenciado en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago, actualmente traballa no Arquivo Municipal de Betanzos

** Licenciado en Medicina e Ciruxía pola Universidade de Santiago, Membro da Sociedad Española de Historia de la Medicina

¹ ROSEN, G. (1959).

² RODRÍGUEZ OCAÑA, E.: (1987-88).

³ ROSEN, G (1953)

⁴ CARRILLO, L.J.; RIERA PERELLO, P.; GAGO, R.,(1977)

⁵ VIGARELLO, G. (1991).

⁶ MERINO, M^a del M., (1988, b).

⁷ SANTAMARÍA, E.; DABRIO, M^a L. (1993).

Tratábase de evitar sucesos como os acaecidos na vila de Pajares (Guipúzcoa), onde dunha epidemia ocorrida no 1781 morreran 83 persoas das cento vinte que alí vivían. A súa orixe atribuírase al "*fedor intolerable que exalaba la parroquia de aquel pueblo por los muchos cadaveres alli sepultados*"⁸.

A orde motivada pola hixiene pública, conlevaba puntos polémicos que farían retrasar a súa execución. Un dos máis polémicos era o da prohibición de realizar os enterramentos no interior das igrexas e conventos, provocando que a Igrexa, desde os altos cargos ata o cura da parroquia máis humilde, entablaran unha loita para defende-los seus intereses económicos. O clero vía na nova lei unha perda de poder e unha usurpación de funcións das que ata ese momento disfrutaba⁹.

En Betanzos ata o ano de 1804 non se plantexou a necesidade da construción de cemiterios nos términos desta provincia, o que incluíría por suposto un cemiterio para a cidade de Betanzos. Os enterramentos seguían celebrándose nos lugares acostumados: interior das igrexas parroquiais de Santiago, Santa María, San Martiño, Nosa Señora e nos conventos de San Francisco, Santo Domingo, Agustinas Recoletas así como no pequeno cemiterio anexo ó hospital de San Antonio¹⁰. Carecemos de información sobre se os diferentes gremios e confrarías tiñan cemiterios privados, como noutras cidades da Península, o cal aumentaría as cifras que ata o momento aportamos.

No ano 1804, as autoridades encomendan ó Rexidor D. Bartolomé Muñoz a necesidade de encontrar urxentemente un lugar para levar a cabo o enterramento dos mortos da poboación. No oficio insítese na necesidade de edificar os cemiterios fora das cidades en lugares ben ventilados, evitando a filtración e comunicación coas augas potables.

As corrientes de aire considerábanse como un bo elemento desinfectante que, ó alonxar os malos olores, evitarían a aparición de enfermidades. Esta teoría influiría en que se buscasen para a edificación lugares ventosos, e que por outra parte na arquitectura destes recintos se delimitasen grandes corredores que facilitarían a circulación do aire. Por outra parte búscase aillar o cemiterio das correntes de auga potable, o "*miasma*" infiltrado na terra podía chegar á auga, esconderse nela, e así chegar ó home e producirlle a enfermidade.

Encárgase ós médicos da cidade a localización do terreo máis axeitado, recalcándolles sobre todo a necesidade das características citadas, pero a construción do cemiterio non ía a ser un traballo doado, agravado sobre todo pola falta de cooperación dos membros da Igrexa na localidade; en repetidas veces D. Bartolomé Muñoz quéixase da falta de cooperación do Arcebispado e dos curas da Cidade¹¹.

O 10 de outubro de 1805 a Igrexa nomeou á persoa que a ía representar para a designación do lugar; tratábase de D. Francisco Xavier Sicilia, Vicario Eclesiástico na cidade e Partido de Betanzos e párroco da igrexa de Nosa Señora do Camiño¹².

De acordo co establecido na normativa legal vixente a Comisión encargou ós médicos D. Vicente Araújo e Don José Alvarez de Besada a elaboración dun informe, que non había de se-lo definitivo, sobre o lugar onde se había de edificar o camposanto. No informe emitido polos médicos o 17 de Outubro de 1805, descártanse as parroquias de

⁸. VILLALBA, J. de (1801, reed. 1984).

⁹. Véxanse ó respecto as dúas cartas que reproducimos no apéndice, entre o párroco de Nosa Señora do Camiño, D. Francisco Xavier Sicilia e o Correxidor de Betanzos D. Bartolomé Muñoz, no ano 1805.


¹⁰. As cifras emitidas polos párrocos e referidas ó período 1800-1805 informan do enterramento de 385 cadáveres na igrexa de Santiago, 333 na de Santa María, 168 en San Martiño e Nosa Señora, 40 no Convento de San Francisco, 12 no de Santo Domingo, 20 nas Agustinas Recoletas, e 50 no hospital de San Antonio; neste último efectuábanse nun cemiterio anexo, no interior da igrexa do hospital e no patio interior.

¹¹. Véxanse os oficios de D. Bartolomé Muñoz dirixidos ó Capitan Xeral, nos que se fai patente a falta de cooperación dos clérigos para decidir a ubicación do cemiterio. Estes oficios están incluídos nos expedientes de obras do cemiterio.

¹². Oficio de 10 de outubro de 1805 do Arcebispo de Santiago dirixido ó Correxidor de Betanzos.


PROYECTO
de
PORTERÍA

CEMENTERIO
CATÓLICO



Escala
 $\frac{1}{50}$

Año
1929



Alzado.

Proyecto para a portería do cemiterio, diseñado por
Francisco Javier Martínez Santiso no 1929.

Santiago e de Santa María do Azogue, por carecer de lugares ben ventilados e por estar dentro da poboación; considerándose como lugares máis axeitados o denominado *Frade*¹³, outro nunha zona non delimitada na Magdalena colindante co antigo Camiño Real, e por último un pequeno cemiterio da parroquia de Nosa Señora do Camiño, que se considera bo aínda que reducido.

Seguindo o que se indicaba na normativa vixente, e ante a falta de decisión dos médicos da cidade para nomear un só lugar, encárgase ós Mestres de Obras D. Ignacio Antonio Crespo e D Pedro Ramón Sieiro un informe sobre as zonas sinaladas polos médicos. O informe marca a inadecuación dos terreos do Frade e da Magdalena por non seren apropiados para a consunción dos cadáveres, e ser moi costosa a edificación nestes lugares.

A postura oficial aboga pola creación dun único cemiterio municipal no lugar que xa ocupaba o cemiterio parroquial de Nosa Señora do Camiño. A decisión non vai ser ben vista polo párroco de Nosa Señora do Camiño, quen argumenta posibles disputas xurisdiccionais por privar ós párrocos dun lugar onde enterrar ós seus feligreses. Éntrase así nunha agre polémica entre os representantes municipais e eclesiásticos¹⁴.

A disputa entre as dúas autoridades agudízase cada vez máis, facendo máis difícil a posibilidade de chegar a un acordo. Despois de ratificar o mestre de obras que o lugar máis axeitado era o de Nosa Señora do Camiño, consúltase a Xunta Municipal de Sanidade, quen apoia a decisión de realizar un só cemiterio; esta idea é finalmente aprobada polas autoridades municipais no Pleno do 17 de Decembro de 1805. Chegados a este punto dase parte ó Comisionado do "Consejo para el establecimiento de los Cemiterios", D. José de Vilches, quen dictamina que só será necesario un cemiterio na cidade e que este será o da parroquia de Nosa Señora do Camiño, aínda que deixa aberta a posibilidade de chegar a un acordo en calquera outro lugar, e dá de prazo seis días para solventar este asunto¹⁵.

2. AS URXENTES NECESIDADES DA NACIÓN: O OLVIDO DO PROXECTO DO CEMITERIO.

Non pasaran seis días, nin seis meses, pasaran máis de seis anos -a guerra contra os franceses detivo calquera proxecto de expansión urbanística nas cidades españolas- e a cuestión da creación do cemiterio seguirá en punto morto; as persoas encargadas da negociación serán substituídas por outras, substitución que debería limar diferencias entre as partes e que servíu unicamente para que o expediente se reiniciase de novo.

A urxente necesidade de establecer un lugar no que realizar os enterramentos fai que se reúnan diferentes comisións e persoas vinculadas á realización deste proxecto na Casa do Concello o 26 de outubro de 1810: unha representación do Goberno municipal, deputados de oficio, Procurador Personero, párrocos, Prior de Santa María e San Francisco, Vicario das Agustinas e médicos da cidade. Chégase ó acordo de utilizar como cemiterio municipal, con carácter provisional, o da Parroquia de Nosa Señora do Camiño, xunto co do Hospital de San Antonio; esta medida fai que soamente tres anos máis tarde estes dous recintos se encontren saturados, o do Hospital de San Antonio "*debido a los muchos franceses que se han enterrado en el*"¹⁶, e o de Nosa Señora debido ó seu pouco espazo para servir de cemiterio xeral da cidade.¹⁷

É necesaria a construción dun novo cemiterio, polo que o 28 de febreiro de 1814 o Concello decide encargar un novo informe ós médicos da cidade, coa esperanza de que

¹³. Nun lugar delimitado polo Río Mendo, a ponte das Cascas e o camiño que ía a Santiago de Compostela.

¹⁴. Véxanse os documentos que reproducimos no apéndice.

¹⁵. Oficio do 8 de novembro de 1806 dirixido ó Correxidor de Betanzos.

¹⁶. Informe do Administrador do Hospital de San Antonio, 7 de Decembro de 1813.

¹⁷. Informe do Párroco de Nosa Señora do Camiño, 8 de Decembro de 1813.

cos anos mudaran de idea, pero os médicos non cambiaran a súa opinión, polo que se pensa na posibilidade de recurrir a un médico de fóra da cidade para elixir un lugar adecuado¹⁸.

Coa finalización do período constitucional e a chegada ó poder de Fernando VII, acaban as présas e o proxecto queda de novo parado. O novo réxime, máis vinculado co pasado, deixou as cousas tal como estaban; houbo que esperar a chegada do Trienio Liberal para que de novo o asunto se puxese enriba da mesa. O Concello forma una nova comisión¹⁹ quen sinala como terreo máis axeitado para a edificación do cemiterio o denominado "*Cal das Barras perteneciente a la parroquia de San Martín de Brabío, anexo y arrabal de la ciudad*". Faise un novo estudio sobre os custos e idoneidade do terreo máis o proxecto non se leva a cabo.

No 1833, de novo nun mandato liberal, retómase a idea do cemiterio, quizais influída pola proximidade e necesidades da recente epidemia de cólera na cidade. A Xunta Municipal de Sanidade, o Rexidor Romay e o Procurador Xeral Pérez serían os encargados de elaborar o enésimo informe, propoñendo para a edificación do cemiterio "*un lugar nombrado el Castillo, que está por la parte de Oriente de la Calzada de Castilla*", idea que vai traer de novo vellas controversias.

Outro problema era o de cómo financia-las obras; pénsase nun primeiro momento en botar man das Fábricas das Igrexas pero o representante do clero, D. Pedro Fernández de Páramo, di que os diezmos son mínimos e serven exclusivamente como cuota alimenticia adicada ó mantemento e decoro dos representantes da Igrexa; por outra parte o párroco de San Martiño de Tiobre e Vocal Eclesiástico, D. Roque Paz, négase a entrega-los diezmos alegando o carácter rural da súa parroquia e o alonxamento da nova ubicación, dicindo que seguirá enterrando ós seus feligreses na esquina do adro da igrexa de San Martiño e no cemiterio de Nosa Señora do Camiño, onde se fixera desde os anos 10 ó 14²⁰.

Debido á negativa dos membros da Igrexa para entrega-los fondos de fábrica das igrexas e a falta de liquidez económica do Concello, e polo que se desiste da realización deste proxecto quedando de novo no aire á espera dunha mellor ocasión.

3. ANO 1836: A CREACIÓN DEFINITIVA DO CEMITERIO MUNICIPAL DE BETANZOS

O 5 de Febreiro de 1836 o Concello acorda a ubicación definitiva do cemiterio na parroquia de Nosa Señora do Camiño, inspeccionándose de novo, debido á proposta do párroco de Santiago, o lugar denominado *O Castillo*; a inspección deste lugar é concluínte, non se pode elixir debido ós elevados custos que suporía a construción.

Nos informes emitidos polo agrimensor D. José María Carro e o médico municipal D. José María Gayoso dase por bo o cemiterio xa existente de Nosa Señora, e incídese na necesaria realización dunha serie de melloras para adecualo: aumento da superficie, peche da zona cunha muralla, aumento no tamaño da porta, reparacións na rúa que vai desde a ponte ó cemiterio, e demolición da Casa de Novenas para conseguir unha mellor ventilación²¹.

Fixado o lugar definitivo surxe de novo o problema da financiación das obras. O Concello ó non poder contar cos cartos de Fábrica das parroquias tratou de solventar o problema botando man dos tan socorridos impostos de consumos, polo que se grava con 2 maravedís o cuartillo de viño que se vendese na poboación polo tempo que fose

¹⁸. Sesión do 26 de Marzo de 1814.

¹⁹. Composta polo Rexidor D. Juan García Fernández, os médicos D. José María Gayoso, D. Juan de la Peña e o ciruxano D. Rosendo Fariña

²⁰ Oficio de 27 de marzo de 1833 dirixido ó Concello de Betanzos.

²¹. Datos comunicados polo informe do Médico D. José María Gayoso

necesario para paga-las obras; aplicouse este imposto soamente dous meses, xa que foi abolido pola Deputación Provincial²². A única solución posible que quedaba era edificarlo cos cartos do Concello que foi como efectivamente se verificou.

O 26 de Xuño de 1836 adxudícase a contrata das obras ó veciño da Coruña D. Manuel Fernández, na cantidade de 2.300 réas; as reformas comezan en outubro de 1836 e rematan no ano 1837. Entre as condicións da nova obra, destacaba a inscrición que debía adorna-lo frontispicio do novo cemiterio:

*El Camino del cuerpo, es el que beis²³
El del Alma será según obreis*

4. OS DIFERENTES REGULAMENTOS DO CEMITERIO.

O 30 de Decembro de 1836 redáctase o primeiro regulamento para o funcionamento do cemiterio. Contemplaba: a obrigatoriedade de enterrar nel a tódolos mortos do municipio, recordando a prohibición de realizar enterramentos nas igrexas e conventos como se viña facendo ata o momento²⁴; obrigatoriedade de levar un Libro de Rexistro dos enterramentos efectuados no cemiterio onde había de indicarse o nome, día do enterro, vecindade e rúa onde vivira o finado, así como o nome do herdeiro que se fixese cargo do pago dos costes²⁵ (as diferentes tarifas que debían paga-los familiares variaban en función do valor da herencia que recibisen os sucesores²⁶); finalmente resalta-lo privilexio dos curas párrocos de dispoñer dun lugar no cemiterio, á súa elección, onde reposa-los seus restos²⁷.

Ter un panteón ou lápida era algo moi gravoso segundo o primeiro regulamento, as cantidades que esixían por eles era onerosísima²⁸; isto podería dar pé para pensar nunha posible idea de igualdade ante a morte, pero o home trata de perpetua-las diferencias sociais máis aló da existencia terreal e iste primeiro regulamento foi adecuándose como é lóxico ás novas ideas e necesidades que o tempo dicta, así houbo posteriores modificacións e novos regulamentos como o de 1855 e posteriormente o de 1919.

5. AMPLIACIÓNS E DOTACIÓN DE SERVICIOS FÚNEBRES MUNICIPAIS.

A superficie do cemiterio sufríu ó longo do século XIX varias ampliacións, xeralmente coincidindo con crisis epidémicas, como foi o caso da primeira ampliación nos anos 1854-55 debido á epidemia de cólera²⁹, ou a epidemia de gripe de 1918 que levou á saturación do cemiterio municipal e a súa ampliación de forma urxente³⁰.

A principal carencia na infraestrutura do cemiterio foi a dun lugar onde levar a cabo as autopsias, esta necesidade fíxose máis acuciante no ano 1872 como consecuencia do aumento do número de mortes violentas, principalmente entre traballadores da vía férrea

²². A comunicación da Deputación data do mes de Setembro, polo que o imposto solo estivo vixente nos meses de Xullo e Agosto.

²³. No ano 1888 o periódico satírico local *El Escobón* do 1 de Xullo, refírese o letreiro da entrada do cemiterio da seguinte maneira: "Ejemplos de letteros de la "Clas" o parecidos, tenemos por aquí algunos, como aquel de BINOS Y COMIDAS ALPORVENIR y el del cementerio general que dice ESTE ES EL CAMINO DEL CUERPO SEGUN LO BEIS...". Non se pararon estes críticos a pensar que no ano que se realizou o letreiro non existían as mesmas regras de ortografía.

²⁴. Regulamento de 1836, artigos 1 e 15.

²⁵. Idem, artigo 10.

²⁶. Idem, artigos 2-9.

²⁷. Idem, artigo 14.


²⁸. As cantidades oscilaban entre os 100 e 400 réas, o primeiro ano, duplicándose cada ano cando quixesen conservalos. Regulamento de 1836, Artigo 8.

²⁹. Sobre a epidemia de cólera VEIGA FERREIRA, X. M., (1988).

³⁰. Pleno de 26 de Outubro de 1918.

*PROYECTO DE EDIFICIO PARA CAPILLA Y DEPÓSITO DE CADÁVERES
EN EL CEMENTERIO MUNICIPAL DE BETANZOS.*

Escala 1:100



Planta



Fachada Oeste



Fachada front.

Betanzos - Julio de 1954

El Arquitecto

*Proxecto para a capela e o depósito de cadáveres do
cemiterio municipal de Betanzos. Ano 1954.*

que neses momentos estaba a construírse, habílitase polo tanto no interior do recinto do cemiterio un pequeno lugar para autopsias. A súa creación debeuse á unha iniciativa da Xunta de Cárceres do Partido Xudicial³¹.

No 1929 faise necesaria a dotación de novos servicios, xa que o pequeno cuarto construído para realiza-las autopsias era agora utilizado tamén como depósito de cadáveres e como conserxería. Pénsase en solucionar en parte o problema construíndo unha oficina que servise de portería para o cemiterio católico, obra que non se realiza ata o ano 1941.

O problema persiste no ano 1954 en que se deseña un novo edificio para este fin, que sería rematado no 1967; o edificio consta de dous corpos, un para depósito e unha capela que se adica a sala de autopsias³², aínda teríamos que esperar algúns anos máis para ter un verdadeiro lugar en que realiza-las autopsias.

Un dos problemas que plantexaba a ubicación do cemiterio era o da distancia con respecto dalgúns puntos da cidade, polo que se tenta mercar un carro fúnebre, pero este

³¹. Sesión de 1 de Xaneiro de 1872.

³². Comunicación do Xulgado de 1ª Instancia ó Concello, 16 de Setembro de 1967.

proxecto foi desestimado nun pleno do Concello, debido sobre todo ós altos costes que se derivaban da adquisición e coidado das cabalerías³³.

6. A LIBERDADE PERSOAL: A CREACIÓN DO CEMITERIO CIVIL

A cuestión do enterramento civil ou relixioso depende da problemática espiritual de cada cidadán e tamén dunha decisión da Igrexa. Os enterramentos civís eran para os católicos como unha premonición dunha mala sorte no máis alá, e unha negación e desafío dese máis alá polos que optaban por este tipo de enterramento. O "ser español" constituía unha profesión de fé relixiosa, e nun primeiro momento os cemiterios civís convertíronse nun lugar apartadizo dos malos españois que ó renegar da súa catolicidade negaban igualmente a súa españolidade³⁴.

En Betanzos foi a partir da última década do século XIX cando a sociedade, ou algúns elementos dela, considera necesaria a construción do cemiterio civil, isto vese reflexado no periódico *El Valdoncel* no 1890³⁵:

"En la conciencia de nuestros convecinos está el espectáculo, dolorosísimo en extremo que produciría en Betanzos el entierro laico de cualquier ciudadano, fallecido fuera del gremio católico.

¿Donde se enterrará?... Esta pregunta brotaría entonces de todos los labios y por más que la razón natural y los mas puros sentimientos de fraternidad aconsejan que el hermano reciba sepultura al lado del hermano y por mas que el amor al prójimo lo impone la Sacrosanta religión del Martir del Gólgota: podrian surgir cuestiones y, estas, podrian dar lugar a que un nuestro semejante fuése tratado como una bestia..."

Ou no diario *El Mendo*³⁶, tamén do mesmo ano:

"Mas de una vez hemos pedido con insistencia en la prensa local la demarcación de un cementerio donde pudieran en todo tiempo, recibir sepultura los disidentes de la religión católica. Evitándose así espectáculos -que, si hasta ahora no se han dado, pudieran darse en lo sucesivo- y disgustos grandísimos, que despues deploraríamos".

Pola súa parte o Concello tenta poñer en marcha esta idea, pensando en cerrar un terreiro a carón da igrexa ou santuario de Nosa Señora do Camiño, proxecto ó que a igrexa non poñía ningunha traba. A realidade é que non se realizou, e o que se viña anunciando ocorreu en efecto. Foi o 26 de xaneiro de 1902 data na que morreu o Sr. Monteavaro, febreiro de profesión que vivía na rúa do Horreo; o párroco da igrexa de Santiago D. Enrique Campos non permitiu que se tocase á agonía, e só no último momento se enviou un sacerdote sin revestir para que acompañase ó cadaleito. A razón disto era que o finado non cumpría cos preceptos da igrexa, por ser de ideas socialistas. Divulgouse a noticia inmediatamente pola cidade, e á hora do enterro tivo lugar unha numerosa manifestación de protesta polas ruas máis concurridas da poboación, o que non tería nada de particular se non fose que quen encabezaba a manifestación era o fétro do finado levado a ombros dos obreiros. De todas maneiras ó non existir outro lugar onde enterralo, verificouse no cemiterio católico, pero a necesidade do cemiterio civil quedou patente e o feito orixinou fortes controversias na cidade³⁷.


³³. Plenos, sesión de 27 de Julio de 1839.

³⁴ JIMENEZ LOZANO, J. (1978)

³⁵ El Valdoncel, 20 de enero de 1890.

³⁶ El Mendo, 26 de maio de 1890.

³⁷ A prensa local adicoulle amplos espacios a este triste suceso como no periódico *Otro Pueblo*, n. 19 de 29-1-1902; e no Periódico *El Pueblo*, números 70, 71 e 75 de 1, 9, e 15 de febreiro de 1902.



Proxecto de escalinata deseñada para o cemiterio no 1914

A intolerancia relixiosa volveríase a mostrar no ano 1908 con motivo do enterro dun presunto suicida a quen, por *"la vida indiferente que hacia el finado, completamente alejada del cumplimiento de los preceptos de la Iglesia y las fundadísimas sospechas de haberse suicidado"* négaselle a entrada no cemiterio católico; por non existir outro lugar permíteselle finalmente á familia enterralo no cemiterio católico, pero cunha serie de condicións: *"será rodeada de una tapia o cerca de un metro de altura y que transcurridos cinco años de su inhumación se proceda a su exumación y sea trasladado al cementerio neutro"*³⁸

O 28 de Decembro de 1914 o Alcalde, D. Antonio Sánchez Valeiro solicita á Deputación Provincial unha subvención co obxecto de construír tal recinto, este sería o impulso definitivo, xa que no ano 1918 o cemiterio civil xa estaba construído³⁹.

³⁸ Oficio del Gobernador a la Alcaldía, 14 de Abril de 1908.

³⁹ Na acta de bendición do cemiterio católico de 1918, encontramos a primeira referencia da existencia dun lugar adicado a realiza-los enterramentos civís.

Apéndice

1. Contestación de D. Francisco Xavier Sicilia, párroco de Nosa Señora do Camiño e Comisionado polo Arcebispo, ó Correxidor da cidade sobre a decisión dos mestres de obras de usa-lo cemiterio parroquial como municipal. Ano 1805

"Haviendo reconocido el testimonio, que U. me acompaña con su oficio de 21 del corriente, advierto, que la providencia, con que concluye relativa a que el Cementerio que esta contiguo a mi Yglesia de Santa Maria del Camino sirva para dar sepultura a los que fallecieren en todas las Parroquias de esta Ciudad y sus Anexos, es enteramente opuesta a las Reales Ordenes, porque, siendo estas terminantes a que en un pueblo, como este, se formen Cementerios comodos, aproposito, e inmediatos a las Parroquiales, se quiere gravar a la mia con una carga que puede traer varios inconvenientes, y que es justo se evite.

Cada Parroquia con arreglo a la Disciplina de la Yglesia, que cita el capitulo 1^o de la Real Cedula de 3 de Abril del año pasado de 1787, debe tener su cementerio para enterrar los muertos de su comprensión; pues de otra manera seria dar margen a disputas Jurisdiccionales, por privar a los legitimos Parrocos del conocimiento que deben tener del sitio, donde se depositan los cadaveres de sus Feligreses, lo que no podia verificarse en el caso, que se llevase a debido efecto la determinacion de U.

Los mismos Medicos titulares de esta Ciudad poseidos de el espíritu de las Reales Ordenes, y conociendo no poder menos de que cada Cura Parroco tubiese su cementerio señalaron con bastante probidad y madurez el sitio denominado del Frade en la parroquia de Santiago: el que se halla por la parte de arriba de las ultimas casas de la Magdalena en la de Santa Maria del Azougue; y por lo que respecta a la mia en Santa Maria del Camino el campo santo, que está immediato a ella, que es muy suficiente para los muertos, que siempre estubo en uso depositarles en el, circunstancia, que me parece debia U. tener presente, para dar por cumplimentada por mi parte la Real intención, restando solo proporcionar Cementerios para las otras dos Parroquias, que nunca deben ser en la mia por las razones que llevo dicho, y otras muchas, que omito, y no se ocultan a la penetración de U.

El sitio, que dichos Facultativos señalan en el Frade es tan bueno, que aseguran ellos mismos, puede hacerse un Campo santo para toda la Ciudad, y siendo esto cierto, como lo es, y que el camino desde las yglesias de Santiago, y Santa Maria del Azougue al referido sitio es corto, y sumamente comodo, podra servir para las dos Parroquias caso, que se conformen los respectivos Parrocos; pues de otra suerte, cada uno debe tener el suyo, para lo que ay sitios aproposito, y que se conforman en todo con las Reales instrucciones.

De nada sirve la declaracion de los llamados Maestros de Obras, porque está concebida en unos terminos, que mirada a primera vista parece dolosa; pues no siendo de su facultad, solo por dar colorido a sus razones bastante pobres se adelantan a discurrir, y analizar, si la tierra es, o no, aproposito para la consumicion de los cadaveres, debiendo saber, que, quanto mas arida y secasea, como se verifica en la del Sitio de el Frade, tanto mejor es para deshacer, y sonsumir todas las partes humedas, y corruptibles de que se compone el cuerpo humano; siendo ademas ageno de verdad, el que dicho sitio sea todo casi una pura piedra, pues aunque, ay alguna, esta circunstancia lo hace mas apreciable, por ser precisa para murallarlo, y hacer un tinglado, o capilla donde depositar los muertos.

Sabe U. que mi Yglesia de Santa Maria del Camino es ayuda de Parroquia, adonde tiene que concurrir una gran parte de mis feligreses tanto los dias festivos, como otros varios, no solo a los Oficios divinos sino a instruirse, y recibir los Santos Sacramentos, que nesecitan, y por lo mismo no puede servir para deposito de los muertos como U. me propone, pues seria exponerla a la corrupcion, contra la que se dirigen las Providencias del Dia.

El Campo Santo que está contiguo a dicha mi Yglesia tampoco ignora U. dista dela de Bravio mas de media legua con un camino tan malo, que, en temporadas de invierno se hace

intransitable, y por lo que sera sumamente costosa (en contradiccion de lo que afirman dichos llamados Maestros de obras) la conduccion de los cadaveres a el.

El sitio del Frade está en mucho menos de la mitad de el camino, en el centro de ambas Parroquias, y sus Anexos, y es el mas proporcionado para el servicio de ellas, en cuyo supuesto debe estarse en todas sus partes a la declaracion de los Medicos, con la que me conformo, como Vicario Eclesiastico, y Delegado del Excmo. Señor Arzobispo, cuyo nombramiento consta a U., y no de otra manera, esperando, sea de su aprobacion mi modo de pensar, en cuyo caso trataremos en Junta, como esta prevenido, lo mas conveniente, a que a la mayor brevedad se realice un proyecto tan util a la conservacion de la Humanidad.

Dios guarde a U. muchos años. Betanzos, y Noviembre veinte y ocho de mil ocho cientos, y cinco Firmado: Francisco Xavier Sicilia."

2. Resposta do Correxidor á anterior. Ano 1805

"Para poder acordar lo mas conforme en vista del oficio que U. acaba de dirigirme con fecha de este dia, necesito saber si los otros Parrocos de esta Ciudad son del mismo dictamen que U. ó combienen en él, pues es circunstancia necesaria como que les toca tambien principalmente y a fin de ebitar nuevas dilaciones y molestias entre unos y otros. Así mismo se servirá U. decirme si el Cementerio de su Parroquia, por que asegura tiene cumplimentada por su parte la Real Yntencion, está en uso, desde que tiempo y si se alla con las circunstancias que prebienen las ordenes de que U. entiende se alla mui instruído para rebatir mi propuesta conforme a lo operado, a que se refiere; pues obserbo que no obstante eso se estan enterrando en su Yglesia los Cadaberes de los que tienen con que pagar. Tambien espero me diga U. que otros Maestros de obras de maior aprobacion y concepto hai en esta Ciudad que los dos titulares de ella Ygnacio Antonio Crespo y Pedro Ramon Sieiro a quienes, aunque es notorio lleban las obras principales publicas y pribadas del Pueblo y que por ello en su tiempo los nombró por tales Maestros esta Ciudad en su Aiuntamiento, veo, que con una caridad incomponible con la característica de su estado, los trata de dolosos, ignorantes y llamados Maestros, que quiere decir supuestos o mal nombrados. Por ultimo ya que U. asegura que el Campo santo o Cementerio de su Yglesia de Santa María del Camino, dista mas de media legua dela de Brabio y con un camino intransitable, quisiera me dijese de quantos pasos o Baras se compone una legua legal castellana y si lo há medido, pues yo por mi calculo entiendo que dichas Yglesias pueden distar medio quarto de legua ó mui poco mas segun los marcos Reales que tenemos a la vista, y que a pocos pasos de la de Brabio para la del Camino sigue uno real hasta entrar en esta Ciudad y que igual incombeniente y aun mas poderoso en su caso lo habria, en conducir los cadaberes desde la de Brabio al Cementerio del Frade que tanto se ha deseado por quien quizá notó el oficio a que me refiero, segun su espiritu y expresiones bastante chocantes y que no esperaba dela atención de U. expecialmente en la materia santa y tan interesante que estamos tratando. Sobre lo demas que U. me toca (no puedo omitirlo) acerca de inteligencia de ordenes y oposicion entera demi ultima providencia a ellas, es cosa mui graciosa que U. aun no tenga noticia de que en Madrid Pueblo de tanto Buque y Parroquias principales y anexas como todos saben, no se há construido para todo él mas que un solo Cementerio; lo propio sucede en el Ferrol que está a la vista, y lo mismo se está tratando en la Coruña y a media legua verdadera de distancia del Pueblo, siendo estos dos también ocho o diez veces de mas vecindario que este; pero ya veo, me dirá U. y con razón: que en los tres citados pueblos quizá no habrá quien entienda como U. las indicadas ordenes, ni la disciplina dela Yglesia, que me opone por Barrera, ni tampoco Medicos de la probidad y madurez de los de Betanzos que comen en parte por mano de quien tanto apetece para Cementerio el Sitio con mil nulidades notorias, llamado el Frade. Espero luego la contestacion de U. á estos mis deseos é insinuaciones para el acuerdo indicado con lo demas que me reserbo.

Dios Guarde a U. muchos años. Betanzos Noviembre 28 de 1805."

Bibliografía

- BOTELLA, V. B., (1984-85), **Apuntes para una interpretación sociológica del cementerio de A Coruña**. Brigantium, 5, 77-103.
- CAINZOS CORBEIRA, A. (1994), **A creación dos cemiterios de Pontedeume: catro exemplos de arquitectura funeraria**. Cátedra. Revista Eumesa de estudos, 1, 101-111.
- CARRILLO, L.J.; RIERA PERELLO, P.; GAGO, R. (1977), **La introducción en España de las hipótesis miasmáticas y prácticas fumigatorias. Historia de una polémica (JM Arájula-MJ Cabanellas)**. Medicina e Historia, 67:8
- CORBIN, A. (1987), **El perfume o el miasma. El olfato y lo imaginario social. Siglos XVIII y XIX**. México
- JIMÉNEZ LOZANO, J. (1978), **Los cementerios civiles y la heterodoxia española**. Madrid.
- MERINO, M^o del M.: (1988, a), **La Colonización de Sierra Morena y Nueva Andalucía. El Sueño Logrado**. En MOPU. Revista del Ministerio de Obras publicas, 356, 94-105; (1988, b), **El Urbanismo. La ciudad de las Luces**. En MOPU. Revista del Ministerio de Obras Públicas, 356, 172-191.
- RODRIGUEZ OCAÑA, E. (1987), **El resguardo de la salud . Organización sanitaria española en el siglo XVII**. Dynamis, 7-8, 145-170.
- ROSEN, G.: (1953), **El cameralismo y el concepto de policía médica**; (1959), **Mercantilismo Política Sanitaria en el Pensamiento Francés del siglo XVIII**. En Leski, E. (1984), **Medicina Social. Estudios y Testimonios Históricos**. Madrid
- SANTAMARÍA, E.; DABRIO, M^o L., (1993), **La Policía Sanitaria Mortuoria y su proceso de secularización en la Sevilla de la Ilustración (1750-1800)**. Medicina e Historia , 50
- VEIGA FERREIRA, X. M.(1988), **O cólera en Betanzos: 1854-55**. Anuario Brigantino, 11, 45-57.
- VIGARELLO, G. (1991), **Lo limpio y lo sucio. La higiene del cuerpo desde la Edad Media**. Madrid.
- VILLALBA, J. de (1801, reed. 1984), **Epidemiología Española** .Universidad de Málaga

Fontes documentais

Foron consultadas do Arquivo Municipal de Betanzos as seguintes series documentais:

- Expedientes de obras do cemiterio da sección de Obras e Urbanismo.
- Servicios do cemiterio da sección de Sanidade, Beneficencia e Asistencia Social.
- Correspondencia de entrada.



Aspecto actual do cemiterio.